Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 28 de novembro de 2024

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións "Mª. Luz Morales" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, o día 28 de novembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
Enrique Barreiro Sánchez
(Vicepresidente)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Jesús María Fernández Rosende
Paula Mouzo Mas
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Outros asistentes:
José Luis Ferro Iglesias

Comparecente:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia informa dunha alteración na orde día comunicada previamente aos grupos parlamentario e aos servizos da Cámara e consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta que figura en terceiro lugar

Punto 1. Preguntas

1.1 14206 (12/POC-002253)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis
Sobre o balance da xestión dos recursos humanos na CRTVG no período 2009-2024 e os procesos de estabilización de emprego que se desenvolveron nese espazo temporal ou que están en marcha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f3, do 13.11.2024

Auséntase da sala a presidenta e pasa a ocupar o seu posto o vicepresidente. Asemade incorpórase á Comisión o señor Ferro Iglesias, José Luis en substitución da señora Arias Rodríguez, Raquel.

Intervén a **señora Pomar Tojo, (P)**, que pasa e expoñer as razóns nas que se basean as cuestións concretas que se conteñen na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral da Corporación da Radio Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

A **señora Pomar Tojo, (P),** fai uso da súa rolda de réplica para agradecer a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**, contestando ás cuestión expostas pola señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

1.2 7057 (12/POC-000956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre as perspectivas de cambio na Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 07.08.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG**), que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

1.3 12451 (12/POC-002047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre a convocatoria de folga na CRTVG provocada pola externalización do programa "A Revista"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f2, do 09.10.2024

A **señora Longueira Castro, Silvia (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

O **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 11.55 horas.

Raquel Arias Rodríguez

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre reconocido (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 08:39:44 +01'00'

Por delegación pr.
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Alexandra Fernández Gómez

Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2025.03.21 14:04:49 +01'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión